Memoria 2021

Índice

1. Contexto
2. Xestión da organización
    2.1 Estrutura organizativa
    2.2 Organizacións sociais
    2.3 Ingresos
3. Incidencia y Sensibilización
    3.1 Cinema Rabudo
    3.2 Acollemento familiar de menores
    3.3 Muda o conto
    3.4 Dicionarios Audiovisuais de Ida e Volta
    3.5 Defensoras de Dereitos Humanos
4. Formación a colectivos con capacidade de réplica
    4.1 X Seminario de Comunicación Social
    4.2 Obradoiro de Educomunicación para profesorado de Andalucía
    4.3 Cambiemos as Narrativas
5. Proxectos

5.1 Proxectos educativos
    5.1.1 O mundo que queremos
    5.1.2 EpdLab V
    5.1.3 Escolas sen Racismo
    5.1.4 Cambiemos as Narrativas

5.2 Proxectos Acción Social
    5.2.1 A Tribo

5.3 Proxectos de Cooperación

5.3.1 A loita polo dereito á saúde desde as comunidades e movementos feministas

5.3.2 Mulleres en loita pola auga

5.3.3 A pesca artesanal e a defensa do medio ambiente

5.3.2 Dereitos Sexuais e Reprodutivos vulnerados

5.3.3 A migración como camiño de ida e volta

5.4 Proxectos Audiovisuais

5.4.1 En Deuda con Todas

5.4.2 Garantía de Vida

6. Traballo en Rede

7. Voluntariado

8. Formación interna

9. Planificación estratéxica

10. Medios de comunicación

1. CONTEXTO

A Asociación Galega Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) é unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cre no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. O seu principal obxectivo é utilizar as ferramentas de comunicación para conseguir unha sociedade máis xusta, principalmente a través de proxectos de Cooperación Internacional, Educación para o Cambio e Acción Social.

Creada en xuño de 2008, AGARESO defínese como unha organización non gobernamental de desenvolvemento laica, comprometida politicamente, pero apartidista. Concibe a comunicación como unha disciplina imprescindible cara a unha reflexión social colectiva, o empoderamento das persoas, a defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento dos pobos. Os seus integrantes comprométense co deseño, a produción, realización e difusión de proxectos de cooperación que contribúan á creación dunha cidadanía máis crítica e capacitada para a loita contra a desigualdade global.

O 2018 e 2019 foron anos de fortalecemento interno no que se acadou, despois de moito esforzo, unha planificación estratéxica. Este décimo primeiro ano de vida da organización supuxo a reconstrución da identidade da mesma, que supón, nin máis nin menos, a consolidación definitiva do proxecto de organización que naceu en 2008. O ano 2020 foi un ano, que en parte debido a propia crise sanitaria, levounos a innovar e facer apostas máis arriscadas que finalmente tiveron os seus froitos e permitiron non só manter a estrutura e acción da entidade, senón ampliar, tanto postos de traballo como liñas de intervención.

Este ano tivemos a 9 persoas contratadas como asalariadas, ademais mantéñense todos os postos da Xunta Directiva nomeada no 2018, e as tres persoas que se sumaron no 2020.

Diversificamos o financiamento dous nosos proxectos, ampliando deste modo a súa capacidade de xestión económica. Ao longo deste ano renováronse tres proxectos educativos "O mundo que queremos, EpdLab e Escolas sen Racismo", todos eles financiados pola Xunta de Galicia ao igual que os proxectos de cooperación executados en El Salvador e na República Dominicana. Por primeira vez conseguimos un proxecto de investigación en cooperación internacional, da man da Universidade da Coruña, para afondar nas cadeas migratorias de Galicia a Cabo Verde.

Ademais, Fundación A Caixa financiounos o proxecto de acción social que por segunda vez liderará Agareso, asociada con Igaxes, e conseguimos por primeira vez financiación a través da convocatoria do 0,7 para traballar sensibilización con xuventude e reforzar o voluntariado.

A isto habería que engadir, que realizamos un ano máis formación para o profesorado, que implementamos a segunda fase do proxecto Cambiemos as Narrativas coas Asociacións de Nais e Pais dos centros educativos para desenvolver accións de sensibilización sobre xénero.

Realizamos a segunda fase dos Dicionarios Audiovisuais de Ida e Volta a través da financiación da Consellería de Cultura e Política Lingüística, e ampliamos a colección Defensoras de Dereitos a través do aporte da Deputación de Pontevedra. A isto hai que engadirlle o traballo de sensibilización realizado canda a asociación Acougo para concienciar sobre a necesidade do acollemento familiar de menores tutelados polo Estado.

E finalmente conseguimos estrear un novo documenta sobre o dereito ao aborto, esta vez en República Dominicana, titulado Garantía de Vida.

2. XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN

2.1. Estrutura organizativa

AGARESO é unha organización pequena que, aínda que ten representantes noutras autonomías españolas, traballa principalmente desde Galicia, polo que a súa Xunta Directiva ,e a maioría dos seus socios e socias, radican en Galicia. Ten sede central no municipio de Santiago de Compostela, pero tamén posúe delegacións en Lugo e en Pontevedra, e desenvolve actuacións en todo o territorio galego.

Está integrada por unha Xunta Directiva de 8 persoas: Presidenta e Tesoureiro, Vicepresidente, Secretario e 5 vogais. Cada 4 anos son renovados pola Asemblea Xeral de Socios e Socias, a última vez levou a cabo en abril de 2018. Todos eles e elas teñen funcións definidas que coordinan co equipo técnico da organización, que nestes momentos está integrado por unha Dirección Técnica, unha Técnica de Proxectos, 5 técnicas/es de educomunicación e 2 técnicas de xuventude e voluntariado. As labores administrativos son realizados principalmente pola coordinadora técnica, xunto cunha asesoría especializada.

AGARESO desenvolve intervencións nos seguintes ámbitos:

Cooperación Internacional. Execución de proxectos de Comunicación para o Desenvolvemento en países do Sur, tales como fortalecemento de radios e canles de televisión comunitarias, creación e formación de redes de informadores locais e formación de profesionais do sur en comunicación.

Educación para o Cambio Social. Deseño e execución de proxectos de ED en Galicia que empreguen as ferramentas de comunicación para reforzar a reflexión e o discurso sobre as temáticas da ED, e que ao mesmo tempo axuden a crear os seus propios discursos aos colectivos beneficiarios e a formar ao profesorado en técnicas innovadoras de aprendizaxe.

Acción Social. AGARESO pon especial énfase no traballo con colectivos en risco de exclusión social para que a través da comunicación sexan capaces de empoderarse, elaborar o seu propio discurso e loitar polos seus dereitos.

Sensibilización e Visibilización. A través de campañas de comunicación, realización de materiais de difusión sobre solidariedade e cooperación e co apoio á difusión de proxectos AGARESO

pretende incidir na sociedade galega sensibilizándoa sobre a necesidade loitar contra a inxustiza social e a pobreza, ao mesmo tempo que se visibiliza a necesidade de seguir apostando por un modelo de desenvolvemento máis xusto e respetuoso ca natureza e cos dereitos humanos.

Destacar, que o voluntariado da organización participa activamente na maioría das actividades que realiza, na execución de proxectos en Galicia e nos países do Sur, nos que sempre hai un espazo para a súa participación e para o que se convida de maneira transparente e aberta a toda a base social a postularse. Neste momento Agareso ten en 32 persoas socias e 68 persoas voluntarias.

2.2. Organizacións socias

Dende o seu nacemento Agareso axudou a un gran número de entidades e institucións a visibilizar os seus proxectos. Polo tanto, a día de hoxe é unha das organizacións que máis sinerxías establece con outras ONGD do sector galego de cooperación e moitas das súas achegas son percibidas como complementarias para outros proxectos de maior tamaño.

A transversalidade do traballo realizado por Agareso posibilita a súa participación en proxectos doutras organizacións aos que complementa aportando a súa especialidade en sensibilización e comunicación para o desenvolvemento.

Deste xeito, Agareso participa de maneira constante en proxectos promovidos pola **Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)** que implementan a labor de Agareso co fin de que a súa cooperación promovan entre a poboación das zonas nas que se actúa valores como a igualdade, o aproveitamento dos recursos naturais, a oposición á violencia ou a importancia da identidade social e cultural. Ademais, este consorcio estable de 11 anos permitiu crecer a ambas entidades, retroalimentándose sobre as súas diferentes experiencias.

Ao longo deste ano, como se abordará nos apartado específico destinado a falar dos proxectos de cooperación, Agareso traballou xunto con ACPP en El Salvador e na República Dominicana.

No caso da Cooperación este ano estreamos novas socias coa **Facultade de Socioloxía da UdC** coas que conseguimos un proxecto conxunto de investigación en Cabo Verde e comezamos tamén unha nova liña de traballo coa Colectiva Feminista como contraparte no Salvador.

No eido da educación polo cambio social, Agareso segue tendo como socia a ACPP Galicia n proxecto Escolas Sen Racimos, pero traballa desde hai 10 anos tamén da man de **Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)** no proxecto O Mundo que Queremos e en actividades concretas doutros proxectos educativos que lidera SIG desde hai 7 anos.

Agareso cre na importancia de sumar esforzos e ideas xunto a outras organizacións, polo que o fai tamén nos proxectos levados a cabo en Galicia, nos que colabora, entre outras entidades como **Igaxes**, cos que executou o proxecto A Tribo. Fase 2.

Outro dos socios estratéxicos de Agareso é a **Coordinadora Galega de ONGD** da que forma parte desde o 2010 e coa colabora, tanto de forma voluntaria nas comisións e Xunta Directiva, como con prestación de servizos especializados cando o requiren. Este ano a colaboración tamén deuse en dous proxectos concretos de sensibilización: Compostela+ Solidaria e libros sobre

Defensoras de Dereitos Humanos en Mesoamérica. Este ano sumámonos a unha nova rede do Terceiro Sector, a **EAPN**, na que colaboraremos nos grupos de traballo de Participación e Comunicación.

Continuamos tamén a aposta por traballar con entidades europeas expertas en xuventude, dentro do marco dos proxectos Erasmus Plus. É o segundo ano que repetimos **con Solidarités Jeunesse** de Francia como entidade socia e líder dos proxectos.

En menor medida, realizamos colaboracións tamén con outras entidades especializadas en inclusión social en Galicia.

2.3. Ingresos

AGARESO desde a súa constitución ata a actualidade non deixou de medrar, tanto a nivel de proxectos executados como de monto económico asignado. Gran parte deste crecemento adicouse a aumentar o número de accións e a ter un maior número de profesionais asalariados. Durante estes 13 anos executou 56 proxectos, financiados por actores tanto privados como públicos da cooperación descentralizada de Galicia.

Durante o ano 2021 concedéronlle a organización un total de 19 proxectos por un total de 321.954,88 €, tendo en conta só os montos xestionados directamente pola organización, non o monto total dos proxectos consorciados. En concreto executamos 3 proxectos de cooperación, 2 en consorcio con ACPP, 5 proxectos de EpD, 2 en consorcio, 2 de Acción Social, uno de investigación, uno de voluntariado y 7 en Sensibilización.

Subvención concedidas no 2021

PROXECTO	FINANCIADOR	CANTIDADE	PAÍS	ÁREA	CONTR APARTE	SOCIA	GRUPOS BENEFICIARIOS
Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Vianao, Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab).	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	34.927€	Galicia	EpD			Alumnado da ESO de cinco IES de Galicia
Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	45.000€	Galicia	EpD		ACPP Galicia	Alumnado de Primaria e a ESO de sete centros educativos de Galicia
Cooperación Galega: O mundo que queremos.	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	70.000€	Galicia	EpD		SIG e ACPP	Alumnado da ESO de seis centros educativos de Galicia
Promover el acceso a un hábitat seguro y sostenible, y mejorar los mecanismos	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	251.132,64 €	República Dominicana	Cooperación Exterior	IDAC	ACPP Galicia	Habitantes de los Bateyes, la Balsa y la Cubana,

locales de defensa y protección de los DDHH y de las mujeres que mitiguen los impactos de la COVID-19 en las comunidades de Cubana, La Balsa y Olivares, municipio Ramón Santana, provincia San Pedro de Macorís, República Dominicana							San Pedro Macorís
Mejorar las capacidades técnicas, materiales y el posicionamiento social del sector pesquero artesanal, y su cadena de valor, desde un enfoque sostenible e inclusivo.	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	242.766,01 €	El Salvador	Cooperación Exterior.	CORDES	ACPP Galicia	Pescadores e pescadoras artesanais do Bajo Lempa
Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e das remesas	Cooperación Galega (Xunta de Galicia)	30.000€	Galicia /Cabo Verde	Investigación en Cooperación		UdC	Mulleres de orixe caboverdiana residentes en Galicia e as súas familia (mulleres e descendencia), residentes en Cabo Verde.

Mulleres lideresas pola defensa e pola sostibilidade ambiental no Departamento de Cuslatán (El Salvador)	Fondo Galego de Cooperación	35.020,78 €	El Salvador	Cooperación Exterior	La Colectiva Feminista		Mulleres das comunidades rurais de Suchitoto, Tenancingo e Candelaria
Mostra de cine documental social	Deputación de A Coruña	6.750€	Galicia	Cultura			Produtores de documentais sociais e poboación universitaria de Santiago de Compostela.
Dicionarios de Ida e Volta. Fase 2	Consellería de Cultura, Xunta de Galicia	15.000€	Galicia	Interculturalidade			Persoas migrantes residentes en Galicia e alumnado da ESO
Cambiemos as Narrativas	Secretaría Xeral de Igualdade (Xunta de Galicia)	8.400€	Galicia	EPD		ANPAS do CEIP López Ferreiro de Santiago e do CEIP A Rúa de Cangas	Nais, pais e alumnado de primaria de centros educativos de Galicia

Dinamización do rural a través da radio comunitaria	Consellería de Benestar Social (Xunta de Galicia)	5712,98€	Galicia	Acción Social			Voluntariado y juventud mayor de edad
Fomento do voluntariado na comunicación para o cambio social	Consellería de Benestar Social (Xunta de Galicia)	5712,98€	Galicia	Acción Social			Voluntariado y juventud mayor de edad Voluntariado y juventud mayor de edad
Mocidade contra o discurso do odio nas redes	Consellería de Benestar Social (Xunta de Galicia)	7532,12	Galicia	Acción Social			Voluntariado y juventud mayor de edad
Como contribuír a un mondo máis xusto desde a comunicación e o xornalismo	Consellería de Benestar Social (Xunta de Galicia)	7416,24€	Galicia	Acción Social			Voluntariado y juventud mayor de edad

3. INCIDENCIA y SENSIBILIZACIÓN

Ao longo do ano 2021 Agareso participou nunha serie de eventos e campañas xunto a outras organizacións que buscaban facer incidencia política e sensibilización social.

3.1 Cinema Rabudo

A mostra de audiovisual inconformista **Cinema Rabudo** nace o mes de novembro de 2021 en Santiago de Compostela, co dobre obxectivo de favorecer o debate social sobre temáticas de actualidade como o feminismo, o medio ambiente, a defensa dos dereitos humanos, a multiculturalidade, a explotación laboral ou as problemáticas sufridas polas persoas migrantes e dotar ao sector do documental dun espazo de difusión digno, estable no tempo e con oportunidades de medrar.

As catro curtametraxes e as catro longametraxes que forman parte desta primeira edición da mostra proxéctanse os días 22, 23, 24, 25 e 26 de novembro, ás 20h, nos Multicines Compostela, coa participación -presencial ou virtual- da maioría das súas autoras e autores. O acceso é gratuíto ata completar aforo.

Programa:

- *Curtas gañadoras do último certame audiovisual EDITA*
- *Curta documental realizada polas estudantes do Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional.*
- *Garantía de vida, documental de Agareso*
- *Cholitas, de Pablo Iraburu e Jaime Murciego*
- *Cartas mojadas, de Paula Palacios*
- *Boza, de Anna Surinyach e Séverine Sajous*

Entidades financiadoras: Deputación da Coruña (4750€) e Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (1194€).

3.2 Acougo: Acollemento familiar para menores

O acollemento familiar é… é unha campaña de comunicación que desenvolvemos este 2022 coa asociación galega de familias de acollida (Acougo) para explicar as principais características deste recurso de protección temporal e revogable para as crianzas en desamparo que consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións necesarias.

Acougo denuncia que en Galicia hai máis de 1000 menores acollidos en centros residenciais e que máis de 200 deles teñen menos de 10 anos. É urxente e necesario favorecer o acollemento familiar e alixeirar as cifras de acollemento residencial que se están dando na nosa comunidade.

Para conseguilo, difundiremos ao longo dos próximos meses, man a man con Acougo, unha serie de vídeos con testemuñas que explican que é o acollemento familiar, poñendo as crianzas no centro. Elisa, Rebeca, Juan, Natalia, Victoria, Begoña e Kike forman parte de cinco familias de acollida, cada unha delas coas súas particularidades. Nais que acollen soas, con ou sen fillos biolóxicos previos, parellas que acollen unha ou varias crianzas, en función das necesidades das crianzas e das posibilidades das familias que as reciben. Familias acolledoras que tecen lazos coas familias biolóxicas, máis ou menos fortes, en cada momento.

A partir das súas experiencias, elaboramos unha serie de materiais multimedia para explicarlle á sociedade que o acollemento familiar é intimidade sobre a que construír amores futuros; é estabilidade psicolóxica, afectiva e social; é versatilidade, creatividade á hora de imaxinar familias diversas que se adaptan a crianzas diversas; é vínculo coas orixes, ao servizo da estabilidade emocional das crianzas; e é protección urxente, temporal ou permanente, segundo as necesidades das crianzas.

A campaña seguirá activa durante o 2022 e o vindeiro ano poderemos medir o impacto real da mesma.

3.3 Muda o Conto

#Mudaoconto, unha campaña de sensibilización contra o discurso do odio que propón novas narrativas e chama á responsabilidade dos novos e novas profesionais da comunicación. Que entendemos por discurso do odio? Sabemos identificalo? E reaccionar a el? Estas son algunhas preguntas que tratamos de responder a través das dinámicas e pezas audiovisuais que propuxo a presentación da campaña.

O programa **Mocidade contra o discurso do odio en redes sociais**, financiado pola Consellería de Política Social a través da convocatoria do 0,7, logrou o seu obxectivo principal que era sensibilizar ás novas xeracións de xornalistas e comunicadores/as cara enfoques igualitarios, inclusivos e solidarios, e dotalos/as de ferramentas para detectar e contrarrestar o discurso do odio. Para isto, puxo en marcha 8 actividades: formacións en discurso do odio, formacións en estratexia de redes, reunións do grupo de traballo, xeración da estratexia de redes, produción de contidos, presentación da campaña na Universidade de Santiago de Compostela, execución da campaña e envío de contidos a ONGDs. Todas elas foron executadas entre marzo e decembro de 2021.

O proxecto acadou os 6 obxectivos específicos que propoñía: formar á mocidade en ferramentas de comunicación e xeración de contradiscurso, sensibilizar a futuros/as comunicadores/as, Promocionar a acción voluntaria, fomentar o uso de redes sociais da ONGD e crear materiais contra o discurso do odio. Para conseguir isto, dirixiu os seus esforzos cara dous colectivos pertencentes á mocidade galega. Por unha banda, ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, e, por outra, ao voluntariado xuvenil da organización con interese en ampliar a súa formación neste tema.

Deste xeito, acádanse cos resultados previstos do proxecto:

O voluntariado xuvenil da organización afonda no enfoque social formándose en contradiscurso e en ferramentas e estratexias para comunicar a través das redes sociais estas novas narrativas. Así mesmo, as 11 persoas voluntarias que forman a iniciativa Muda o conto, contan cun espazo de xestión autónoma para crear pezas de comunicación e sensibilización, en total, uns 30 materiais.

Todos estes materiais foron enviados a **46 ONGDs** para poder ser utilizados por elas coma recurso didáctico ou de sensibilización. A meirande parte delas forman parte da Coordinadora Galega de ONGDs, as demais, son aquelas que colaboraron no proxecto. Ademais**, 272 persoas interactuaron** con estes materiais nas redes sociais, compartíndoos, comentando, gardando o contido, etc. Deste xeito, a capacidade de difusión e concienciación da campaña aumenta. Así, grazas a estes 30 materiais xerados e difundidos na campaña de redes, aumenta a capacidade da organización para sensibilizar representada nun aumento do 41% do número de seguidores en Instagram.

En definitiva, o proxecto cumpriu cos obxectivos e resultados propostos, xerando espazos de formación e xeración de contidos contra o odio protagonizados pola mocidade, que conseguiu sensibilizar sobre como combater estes discursos a través de novas narrativas.

3.4 Dicionarios Audiovisuais de Ida e Volta. Segunda parte

Dicionarios audiovisuais de ida e volta amosa os camiños que compartimos con Venezuela, México, Honduras, Guinea Ecuatorial, Senegal, Romanía, Palestina, Inglaterra, Angola ou Cabo Verde, a partir das historias de persoas que naceron neses países e que agora viven con nós, en Galicia e en galego. Aranxa, Brenda, Cristina, Mame, Marcelo, Marisol, Sara, Neal, Judith e Edilson explícannos a súa cultura a través dunha expresión na súa lingua que consideran clave e, ao tempo, escollen unha expresión galega que lles parece útil para coñecer mellor a nosa sociedade.

Aproveitamos para falar dos seus países e, tamén, do proceso migratorio. O obxectivo é poñer en valor a diversidade e a importancia do diálogo intercultural nas relacións Norte-Sur, reducindo os estigmas asociados á migración, a través do poder integrador das linguas.

Este traballo é unha narración en formato multimedia que inclúe:

- 10 vídeos de 3-4 minutos de duración, que poden servir como material de comunicación, divulgación e/ou sensibilización, ou como material educativo en contextos de educación formal e non formal.
- Unha guía didáctica de libre uso, a partir da cal deseñamos obradoiros de educomunicación e interculturalidade, nos que participaron 200 alumnas e alumnos de varios IES de Galicia durante o curso 2021-22. Se queres que o equipo de Agareso vos acompañe na sesión de traballo co alumnado, podedes consultarnos dispoñibilidade e condicións (máis información abaixo na sección "Descargas")
- Campaña de comunicación baseada en carteleira e en cuñas de radio.

Este proxecto está realizado pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO), co financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia.

Lista de reprodución en Youtube Máis info: https://www.agareso.org/gl/que-facemos/proxectos-audiovisuais/dicionarios-de-ida-e-volta/

3.5 Defensoras Semillas de Cambio

A colección ***Defensoras de dereitos*** nace para visibilizar a través da literatura as vidas e o compromiso coa xustiza das máis de 2000 mulleres defensoras organizadas na "Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos" (IM-Defensoras). Os libros narran as vidas de **Haydée Castillo** (Nicaragua), **Verónica Salazar** (O Salvador), **Miriam Suazo** (Honduras), **Estela Ángeles Mondragón** (México) e **María Cuc Choc** (Guatemala), mulleres activistas que teñen en común ter feito da defensa dos dereitos humanos nunha das rexións máis perigosas do mundo o seu proxecto vital e político.
Se queredes axudarnos a difundir o traballo das mulleres defensoras de dereitos en Mesoamérica, podedes descargar e compartir os títulos da colección en formato dixital ou ben solicitarnos exemplares en papel para os vosos centros escolares, centros socioculturais ou bibliotecas públicas, sen ningún custe económico para vós. Se queredes organizar unha actividade pedagóxica arredor dos libros, podedes consultar a dispoñibilidade e as necesidades a través do correo organizacion@agareso.org.
A autora dos libros é a xornalista e escritora galega **Lara Dopazo Ruibal** (Marín, 1985), autora de *Os lobos na casa de Esaú* (Chan da Pólvora, 2017), *Claus e o alacrán* (Espiral Maior, 2018), *Ovella* (poemario co que gañou o Certame Francisco Añón) e *O axolote e outros contos de bestas e auga* (co que gañou o Premio Illa Nova de Narrativa 2020). Tamén é coautora e coeditora do ensaio colectivo experimental *A través das marxes: Entrelazando feminismos, ruralidades e comúns* (Bartlebooth, 2018), está especializada en Cooperación Internacional e é voluntaria de Agareso. (Foto de David Espiño).

Este proxecto está impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD e pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO), en colaboración coa Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos (IM-Defensoras) e co apoio da Deputación de Pontevedra.

Máis info: https://www.agareso.org/gl/que-facemos/coleccion-de-libros-defensoras-de-dereitos/

4. Formación a colectivos con capacidade de réplica

4.1 XI Seminario "Xornalismo social e cooperación internacional".

AGARESO organiza dentro do proxecto consorciado Escolas Sen Racismo, financiado por Cooperación Galega a través da convocatoria de proxectos de EpCG, un seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional que xa vai pola súa décimo primeira edición. Esta formación está pensada para quen desexan mellorar as súas prácticas comunicativas aplicadas ao sector social, xornalístico ou da produción audiovisual.

Durante as dez sesións que abarca o Seminario, trataranse temáticas transversais como o **enfoque de xénero**, o **discurso do odio**, o **xornalismo e os dereitos humanos**, a **cooperación internacional**, experiencias de ONG en terreo, **teatro da oprimida**, o **terceiro sector** en Galicia, **audiovisual comprometido**, a **fotografía social** e a **radio comunitaria**, alternando sesións teóricas e prácticas. Ademais, dúas das persoas participantes no Seminario poderán realizar unhas prácticas en terreo durante unha semana para completar a súa formación. No vídeo que acompaña este texto podedes ver un resumo da viaxe a Marrocos co alumnado da novena edición.
Son 40 horas presenciais (10 sesións de 4h), do 3 de marzo ao 12 de maio, todos os mércores de 16h a 20h, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. O curso está destinado preferentemente a activistas, persoal técnico e voluntariado de organizacións sociais, estudantes e profesionais da comunicación, profesorado, profesionais e estudantes dos medios de comunicación.
O alumnado que entregue un traballo individual e outro grupal optará a unhas prácticas de 10 días nunha zona ou país empobrecido con todos os gastos cubertos.
As sesións deste 2021 ás que asistiron máis de 20 alumnos e alumnas foron:

Xornada 1 | Introdución e Radio Comunitaria | Presencial
Introdución do seminario e primeira sesión sobre radio comunitaria con Juan de Sola (xornalista en Onda Cero), quen conectará a través de Skype con varias radios comunitarias de Latinoamérica.
Xornada 2 | MMCC e Afrodescendencia | Online A cargo de Lucía Mbomío, xornalista en TVE, escritora e activista afro. No seu relatorio, analiza o tratamento histórico dos medios de comunicación a comunidade afro. Dende o anuncio do ColaCao as series actuais de Netflix.
Xornada 3 | A Cooperación ao Desenvolvemento | Presencial
Esta sesión divídese nunha charla a cargo de Alejandro Quiñoá (delegado de ACPP en Galicia e presidente da Coordinadora Galega de ONG)e unha dinámica de grupo despois do visionamento do documental "En Deuda con Todas" sobre a penalización do aborto en El Salvador.

Xornada 4 | Xornalismo e Dereitos Humanos | Presencial
A cargo de Gabriela Sánchez Iglesias, responsable da sección de Dereitos Humanos no eldiario.es: DESALAMBRE.
Xornada 5 | Audiovisual Comprometido | Presencial
Rocío Cadahía e Antonio Grunfeld falarán das posibilidades do audiovisual aplicado á comunicación social. Documental, reportaxes de ONG, publicidade social con especial énfase na importancia do guión e as distintas maneiras de sacar proxectos audiovisuais adiante.
Xornada 6 | Ecofeminismo e Discurso do Odio | Presencial
Primeira sesión cunha charla a cargo de Llerena Perozo, editora e comunicadora especializada en xénero e dinámica de grupo na segunda sesión, coa ONG Ecos Do Sur, sobre como combater o discurso do odio.
Xornada 7 | Experiencias de cooperación en terreo | Online
Xornada dividida entre o relatorio de Laura Feal, xornalista no El Pais e consultora en xestión de proxectos ao desenvolvemento e unha mesa redonda con distintxs profesionais do sector da cooperación con experiencia en terreo.
Xornada 8 | Divulgación ambiental | Presencial
Teremos con nos a Luis Miguel Domínguez, naturalista, activista medioambiental e director de documentais de natureza e de programas de televisión, como El Escarabajo Verde de TVE.
Xornada 9 | Fotografía Social | Online
Dous enfoques da fotografía social a través de Anna Suriyach, editora da revista 5W, e Mingo Venero, fotógrafo documental especializado en Dereitos Humanos.
Xornada 10 | Vídeo Participativo | Presencial
Roi Guitían descúbrenos nesta sesión a ferramenta do Vídeo Participativo: unha metodoloxía para utilizar o audiovisual para traballar con colectivos en risco.
O Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional é unha actividade do proxecto Escolas Sen Racismo financiado pola Xunta de Galicia e Cooperación Galega.

Viaxe práctica a terreo

Desde que comezou o Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional, as prácticas en terreo realizáronse en Marrocos, da man da súa delegación de ACPP establecida en Tánxer. Este ano, debido ao COVID19, o país seguía pechado aos voos provenientes de países estranxeiros e a situación sanitaria era moi complicada, polo que nos vimos obrigados a repetir o destino do ano anterior, Huelva, e así abordar de novo a problemática dos temporeros e temporeras da recollida da froita.

A viaxe realizouse entre o **4 e o 13 de xullo de 2021** e a expedición constaba de 3 alumnas do Seminario (as que obtiveron mellor puntuación nos traballos entregados), un voluntario de AGARESO e o técnico de AGARESO que coordina os proxectos educomunicativos do proxecto Escolas Sen Racismo.

Contactamos cunha ONG local (ASNUCI) que traballa en Lepe coas temporeros e os temporeros da froita, para brindarlles mellores condicións de vivenda, traballo e residencia legal no país. Con eles estivemos todos os días en Lepe , gravando un documental sobre a súa situación.

Para apoiar as testemuñas do documental, entrevistamos tamén a Perico Echevarría, director de La Mar de Onuba, un xornal local de Huelva, a Angels Escrivá, unha profesora de socioloxía da Universidade de Huelva e a unha empresaria especializada en agricultura ecolóxica que quiso manter o anonimato por medo a represalias do sector.

4.2 ANPAS: Cambiemos as Narrativas

Este 2021 o obradoiro *Cambiemos as Narrativas* centrouse ao cen por cen na ferramenta de radio e foi levado a cabo en tres centros educativos galegos de primaria.

Entre o 2 e o 30 de novembro levouse a cabo no CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela co alumnado de oito grupos, que asistiron a dúas sesións: 4ºA e 4ºB (2 e 9 de novembro), 5ºA e 5ºC (4 e 11 de novembro), 5ºB e 5ºD (23 e 30 de novembro), 6ºA e 6ºB (18 e 25 de novembro). No CEIP A Rúa de Cangas impartiuse ao alumnado dos seis grupos de Educación Primaria: 1º (19 de outubro), 2º (18 de outubro), 3º (22 de outubro), 4º (21 de outubro), 5º e 6º (20 de outubro). E no CEIP Víctor López Seoane de A Coruña co alumnado de catro grupos, que asistiron a dúas sesións: 5ºA e 5ºB (25 de outubro e 16 de novembro) e 6ºA e 6ºB (26 de outubro e 15 de novembro).

Unha técnica en educación de Agareso trasladouse presencialmente ao colexio para realizar dúas sesións de 100 minutos con cada grupo, traballo que desenvolveu co apoio dunha persoa docente na aula e do equipo directivo do centro educativo.
A primeira sesión de 100 minutos dividiuse en dúas partes. Para comezar, propúxose ao alumnado participar nun programa de radio en defensa da Igualdade de Xénero. A resposta sempre foi moi positiva, así que para comezar recordamos a capacidade de medios de comunicación como a radio para levar esa mensaxe a moita xente.
Aprendemos que esa enorme capacidade para a difusión debe ir acompañada dunha enorme responsabilidade para que a mensaxe que queremos transmitir chegue fondo e conseguir así que a Igualdade sexa un día real. Por iso, a sesión comeza cunha achega aos conceptos como

estereotipo, igualdade ou machismo e feminismo, que serán as palabras chave sobre as que xirará o noso programa de radio. Mediante unha serie de dinámicas sometémolas á súa reflexión.

A continuación, expóñense as propostas para este traballo inicial:

1. Debuxo a contrareloxo!

Pedimos que debuxen en dous minutos un neno ou unha nena. Os seus debuxos formarán parte dunha "exposición itinerante". Pegámolos nunha cadeira que paseamos pola clase mentres preguntamos que teñen en común todos os debuxos. Isto sérvenos para sacar algunhas conclusións sobre as ideas que temos dos nenos e das nenas: como é a súa roupa, como levan o pelo, se usan pendentes, se saen cun balón, un instrumento...
Para rematar, advertimos que non hai dous debuxos iguais, o que nos fai reflexionar sobre a diversidade humana. Fronte a ela, os medios de comunicación, a publicidade, as películas, os debuxos animados, as series, a música... parecen querer convencernos de que só hai unha imaxe posible para nenas e nenos. Pensamos se iso nos fai sentir incomodidade e se respectamos ás persoas que non queren seguir eses modelos.

2. Socialización de xénero

Pensamos na maneira en que o mundo nos ve como nenos e nenas. Mediante diferentes imaxes (xoguetes, material escolar e personaxes de debuxos e contos) achegámonos ao uso das cores rosa e azul para diferenciar entre os xéneros.
Reflexionamos sobre a posibilidade de non axustarnos á idea que o mundo parece ter de nós mediante un exercicio: debuxamos dúas columnas e pedimos que nos digan cousas rosas que vexan na clase e cousas azuis. Apuntámolas e cando rematamos preguntamos se as cousas apuntadas como "rosas" poderían ser "azuis". Por último preguntamos se todas as cousas apuntadas son de nenos? E de nenas? Concluímos que as cores non teñen xénero e que non serven para determinar que cousas pertencen a cadaquén.

3. Estereotipo

Achegámonos á definición de estereotipo e pedimos que nos expliquen como chegan ás nosas mentes esas ideas xeneralizadas e socialmente aceptadas, aínda que incorrectas. Isto permítenos falar da influencia na visión do mundo da televisión, as series, a música, as películas, os debuxos animados…. Preguntamos que ocorre cando non facemos caso do estereotipo e nos comportamos na súa contra. Reflexionamos sobre o castigo, o illamento, a crítica. Concluímos que os estereotipos conforman a base da desigualdade de xénero.
A segunda parte do obradoiro xira en torno ao papel da radio escolar como ferramenta de cambio, que permite combater o machismo e a desigualdade, así como defender o feminismo e a igualdade.. Convertemos a clase nunha pequena redacción e traballamos co alumnado individualmente ou en grupos de catro. En cada aula trabállase de maneira diferente en torno ás palabras chave.

Co resultado de todas as prácticas editouse un programa de radio para cada centro educativo.

Este proxecto é financiado directamente polas ANPAS dos centros educativos a través da convocatoria específica para estas asociacións que promove a Xunta de Galicia gracias aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

5. PROXECTOS

5.1. Proxectos educativos

5.1.1 Cooperación galega. O mundo que queremos.

Neste curso escolar 2020/2021, celebrase a VIII edición de **Cooperación Galega; O Mundo que Queremos 2020/2021 (Activistas polo Mundo que Queremos**). Segue a ser un proxecto que forma parte da plataforma de innovación educativa Plan Proxecta, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e segue mantendo este elemento esencial xunto co de querer ser un proxecto participado e plural. O consorcio segue conformado por Solidariedade Internacional de Galicia como cabeza e responsable última do proxecto, Agareso como responsable da xestión da aula virtual, dos obradoiros educomunicativos e da comunicación do proxecto e Asamblea de Cooperación pola Paz como responsable da xestión da visita Sur. Seguimos a contar nesta edición con Wayna Consultora para a realización da avaliación continua do proxecto.

Rematamos o curso 2019/2020 inmersas/os nunha pandemia global, a COVID-19, que fixo que nos reconsideráseemos as nosas iniciativas, xa que tiñámonos que adaptar a un contexto no que convivimos coa presencialidade, chea de medidas de seguridade, e coa virtualidade. O equipo optamos por adaptar o máis posible o proxecto ao mundo virtual a través do deseño específico dun aula en *moodle* e elaboramos unha proposta pedagóxica que mesturara presencialidade e virtualidade.

A responsabilidade de programación e deseño da aula foi principalmente de Agareso, tendo apoio na dotación de contido das outras entidades socias, en función das súas especialidades. De este xeito realizáronse as 6 aulas previstas:

SESIÓN1 *Que significa ser activista?* A cargo de Solidariedade Internacional de Galicia

SESIÓN 2 *Achegamento á realidade*. A cargo de Solidariedade Internacional de Galicia

SESIÓN 3 *Encontros con activistas de outros países.* A cargo de ACPP Galicia

SESIÓN 4 *Comunicación transformadora*. A cargo de AGARESO

Nesta amplo itinerario virtual os mozos e mozos aprenderon a mirar criticamente os medios de comunicación a través dunha serie de xogos, vídeos e actividades.

Tamén nesta sesión o alumnado puido decantarse entre tres itinerarios distintos dependendo das súas preferencias:

- *Activismo medio ambiental e antiespecista*: onde aprenderon como os medios de comunicación fomentan o consumismo e un estilo de vida prexudicial para o medio ambiente, os animais e as persoas, e tamén descubriron como combatelo converténdose en consumidores informados/as e críticos/as.
- *Activismo feminista e LGTBI*: onde afondaron en como os medios de comunicación, o cine e a música seguen a perpetuar estereotipos de xénero e a difundir condutas machistas. Tamén realizaron accións para poder cambiar esta situación.
- *Activismo antirracista e antixenofobia*: onde analizaron como algúns medios de comunicación transmiten bulos e un discurso de odio cara colectivos minoritarios e/ou vulnerables. Tamén aprenderon a combatelo con datos e pensamento crítico.

Cada itinerario conta con actividades diferenciadas e específicas.

Na última parte desta sesión entraron en acción coa radio de combate. Nela danse as indicacións para que poidan comezar a formar o seu equipo e a investigar para crear os seus propios guións radiofónicos sobre algún tema vinculado co activismo que escolleron. Na seguinte sesión (SESIÓN 5: Obradoiro de radio) locutaron e gravaron as súas reportaxes radiofónicas.

Os custos desta actividade son a nómina da persoa responsable a aula virtual por parte de AGARESO, Óscar Vázquez e a técnica de ED de AGARESO, Rocío Cadahía que deseñou a sesión.

Sesión 5 *Obradoiro de radio.* A cargo de AGARESO

Todos os centros do proxecto realizaron esta actividade, polo que se impartiron 18 obradoiros de radio: 15 presenciais e 3 virtuais (No centro de Castroverde por petición propia). s obradoiros presenciais de radio realizáronse entre os meses de febreiro e maio. Foron unha sesión de 100 minutos de duración no que o alumnado participou por grupo-aula e no que se contou tamén co profesorado responsable da actividade en cada instituto, que apoiou o traballo dos mozos e mozas e reforzou a súa propia capacitación.

Neste obradoiro o alumnado viviu unha experiencia radiofónica real mentres locutaban e gravaban as súas reportaxes, dando a coñecer as súas ideas e propostas sobre as cuestións que

investigaron e debateran previamente. Entre toda a clase xeraron un programa radiofónico construído con varias pezas onde abordaron temáticas dos distintos activismos escollidos.

Para o centro de Castroverde elaborouse un itinerario totalmente online (Sesión 5 da aula virtual) para que de forma autónoma puideran gravar e locutar os seus programas.

Tódolos programas feitos nos 6 centros educativos, 20 *pódcast* en total, desembocaron na canle online de radio escolar de ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS:

https://www.ivoox.com/escuchar-audios-o-mundo-queremos_al_9816276_1.html

Sesión 6 *Ciberactivismo e contrapublicidade.* A cargo de AGARESO

Nesta última sesión totalmente virtual o alumnado comprobou a través de vídeos, xogos e actividades como a publicidade sedúcenos empregando estratexias moi elaboradas para que merquemos cousas que nin necesitamos nin realmente nos serven para nada.

Pero non nos quedamos aí, unha vez que descubrimos como traballa a publicidade para manipularnos, propuxémoslles aos mozos e mozas combatela con contrapublicidade.

Para iso usamos o deseño de cartelería contrapublicitaria como xeito de loitar contra os abusos dalgunhas grandes empresas. Pedímoslles aos mozos e mozas que deseñaran carteis contrapublicitarios e que nolos enviarán. Dimos a opción de facelo de xeito dixital co programa de deseño CANVA ou de facelo máis artesanalmente usando as técnicas do *collage*.

Recibimos máis de 90 deseños diferentes de 4 centros educativos. , cos que se organizou unha pequena exposición

https://www.omundoquequeremos.org/xa-podedes-ver-todas-propostas-contrapublicitarias-dos-noss-activistas

Este foi o acto final do proxecto, xa que estas exposicións foron exhibidas en 4 dos 6 centros educativos nas últimas semanas do curso como un acto de visibilización do proxecto e de denuncia ante os abusos da publicidade.

De feito, dende o comezo do proxecto a realización do acto final estaba suxeita a situación epidemiolóxica do país. Finalmente tanto dende os centros educativos como dende o proxecto primouse a prudencia e decidiuse non realizar estes encontros que normalmente implican a gran cantidade de persoas. Estas exhibicións complementáronse cunha campaña de ciberactivismo, que aproveitou a virtualidade para sacar as mensaxes dos mozos e mozas dos centros educativos.

Así, durante 15 días aproximadamente (do 24 de maio ao 4 de xuño) pedímoslles aos mozos e mozas que compartisen nas súas redes sociais os carteis que realizaron baixo os *hashtags* #activistaspolomundoquequeremos #contrapublicidade.

https://www.facebook.com/omundoqqueremos/?fref=ts

https://www.instagram.com/omundoquequeremos/

Os centros participantes no curso escolar 2020/2021 foron IES 1º de Marzo de Baiona, CPR Rosalía de Castro de Vigo, IES Miguel Ángel Estévez de Vilagarcía de Arousa, CPI Toural de Vilaboa, CPI

As Mirandas de Ares e o CPI Castro Verde de Lugo. Nesta edición traballamos con 499 alumnos/as, 31 profesores/as e con 28 aulas. Froito da experiencia dos anos anteriores, potenciarase que o proxecto, ademais de o traballo constante co alumnado e profesorado que participa directamente, terá un papel relevante de cara ao resto da comunidade educativa.

Web do proxecto: http://omundoquequeremos.org/

NOME DO PROXECTO	Cooperación Galega. O mundo que queremos. Convenio con Solidariedade Internacional de Galicia e ACPP.
PAÍS	España
IMPORTE EXECUTADO	70.000,00 € convenio(AGARESO executa 25.050 €)
SOCIOS LOCAIS	Solidaridad Internacional e ACPP
PERSOAS BENEFICIARIAS	499alumnos/as da ESO e 31 profesores/as

5.1.2 EpdLab VII

O proxecto **EpDLab Fase 6** é un proxecto multimedia de comunicación para o desenvolvemento no que participan **IES Carlos Casares, o IES Milladoiro, o IES Pintor Colmeiro, o IES Illa de Ons de Bueu,** o **IES de Brión** e máis os centros de ensino dos bateys de La Cubana e Olivares, na República Dominicana, co obxectivo de mellorar a capacidade de reflexión crítica e o uso das TIC como ferramenta de comunicación para o cambio social no alumnado e no profesorado de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión.

Traballamos coas ferramentas de comunicación para o cambio social ao redor de **tres bloques temáticos** (un cada trimestre): o sexismo e a igualdade de xénero, os prexuízos raciais e a interculturalidade e as relacións Norte-Sur e o consumo responsable. Fixémolo mantendo a metodoloxía teórico-práctica baseada na análise das mensaxes que difunden os medios de comunicación, dende unha perspectiva crítica e construtiva cara á cooperación e á xustiza social, na capacitación técnica no uso das ferramentas de creación e publicación de contidos dixitais e na educación en valores para unha comunicación responsable, inclusiva e que acompañe os procesos de transformación social.

A aprendizaxe segue sendo colaborativa, baseada na argumentación construtiva e na busca do consenso e na participación activa. Porén, o proxecto afonda na súa adaptación á "Nova normalidade" xurdida trala primeira onda da pandemia do Coronavirus e establece nesta Fase 6 un modelo de ***blended learning***, que combina as formacións presenciais coas virtuais e permite elaborar, testar e liberar novos materiais educativos en liña sen abandonar as metodoloxías tradicionais de aula. Cada trimestre (e cada bloque temático) inclúe, así, un obradoiro presencial e outro virtual, que se completan cun *Hackaton* virtual, ante a imposibilidade de xuntar máis de cen alumnos e alumnas de 5 localidades galegas nun mesmo espazo.

Os **encontros de coordinación** co grupo de docentes foron, tamén, virtuais, para evitar o contacto físico entre traballadores/as de distintos centros, aínda que se fixo un intenso seguimento presencial do traballo nos centros, por parte do equipo do proxecto, co obxectivo de acompañar o proceso de aprendizaxe autónoma xerada a partir dos obradoiros virtuais. Foi especialmente intenso o traballo co IES do Milladoiro, centro no que custou manter o ritmo de proxecto tanto polas dificultades manifestadas polo titor responsable como pola convulsa situación interna. As principais decisións do deseño do proxecto tomáronse neses encontros de coordinación e seguimento, coa **participación das e dos docentes**: manter a duración das sesións presenciais e virtuais en 100 minutos, ir fixando o calendario cada trimestre, manter a virtualidade do Hackaton e da formación para docentes a través do CAFI e cambiar a temática da formación interna do "e-learning" ao traballo con alumnado en dificultade social. Os centros participaron, tamén, no deseño da Fase 7 do EpDLab, a través dunha enquisa na que decidiron as temáticas e formatos para a primeira edición post-pandémica. Co obxectivo de reforzar a transferencia de coñecementos cara ao profesorado, ademais das dinámicas de participación e das formacións buscamos a difusión do proxecto en eventos de EpD e traballamos na incorporación dunha **sección específica de aprendizaxe virtual na web do proxecto** que nos permitiu a final e curso ofrecer acompañamento a 5 grupos de 4 centros para a posta en práctica dun dos obradoiros on-line, co obxectivo de favorecer así a réplica autónoma en centros alleos ao proxecto. Afondamos na aplicación dos sistemas de medición de impacto e na **análise cuantitativa e cualitativa dos resultados con formacións presenciais e virtuais** e preparamos dous artigos académicos ao respecto, coa intención de presentar os resultados nos principais congreso de EpD do Estado: CINAIC e Hegoa.

Finalmente, como sempre, tanto os contidos creados como a metodoloxía de traballo empregada están publicados na web do proxecto (www.epdlab.gal), para que poidan ser consultados e mesmo replicados, tanto polos centros participantes como polo resto da comunidade educativa. Na web tamén están dispoñibles a guía didáctica, unha guía de aplicación do proxecto aos estándares de aprendizaxe e unha guía específica das actividades virtuais (https://epdlab.gal/guia-didactica).

Púidose, tamén, seguir a experiencia tanto nas redes sociais como no blog, onde as propias persoas beneficiarias van contando todo o proceso: http://www.epdlab.gal/blog.html



A poboación destinataria da Fase 6 do EpDLab son 106 adolescentes galegos (48 rapazas e 58 rapaces) e 10 docentes, dos que máis da metade son mulleres. Tamén son beneficiarias directas do proxecto as 32 persoas (28 docentes e 4 traballadores/as de ONGDs) que recibiron o curso de formación homologado polo CAFI de xeito virtual e o profesorado e o alumnado dos 5 grupos aula que implementaron a aula virtual do proxecto co acompañamento do equipo do EpDLab, no mes de xuño.

Esta nova intervención, aprobada por Cooperación Galega dá Xunta de Galicia na convocatoria aberta de proxecto de 2021, seguiu un importante traballo de coordinación cos actores involucrados e mantívose unha fluída e permanente relación de traballo e coordinación con autoridades. O Instituto de Acción Comunitaria (IDAC) e ACPP, xunto a AGARESO, ha tendo en conta as principais necesidades e prioridades identificadas a través dos diagnósticos que levou a cabo na zona e partindo da súa experiencia de traballo na mesma e no sector de habitabilidade e de fortalecemento do tecido social comunitario, expoñen un proxecto orientado a promover o acceso a un hábitat seguro e sustentable, e mellorar os mecanismos locais de defensa e protección dos DDHH e das mulleres que mitiguen os impactos da COVID-19

nas comunidades de Cubana, A Balsa e Oliveirais, municipio Ramón Santana, provincia San Pedro de Macorís, República Dominicana.

Para iso, exponse 4 eixos fundamentais de actuación:

- **Dereito á vivenda digna e segura garantido para 31 persoas** (17 mulleres e nenas, 14 homes e nenos) a través da construción e entrega de dous bloques de dúas vivendas de 55,48 m2 cada un e dun bloque de dúas vivendas de 76,9 m2, deseñadas con enfoque de xénero e conectadas cunha rede de depuración de nova construción e unha fosa séptica xa existente.

- **Resiliencia comunitaria ante vulneración de Dereitos Humanos** e fortalecemento da protección comunitaria dos bateyes da Balsa, Cubana e Oliveirais para facer fronte ás consecuencias psicosociais e psicoemocionales da pandemia de COVID-19.

- **Redución dos niveis de desigualdade de xénero** e violencia contra as mulleres, para promover unha cultura da igualdade e equidade de xénero. As integrantes da Rede de Promotoras de DDHH, creada na intervención financiada pola Xunta de Galicia en 2019, recibirán formación sobre identificación de dereitos e vulneración de casos de violacións de Dereitos Humanos e dereitos da muller.

- **Garantir o coñecemento dos colectivos con capacidade de transformación social das ferramentas de comunicación** e o seu uso para a defensa dos dereitos humanos. Como vén sendo habitual nos proxectos executados polo consorcio ACPP e AGARESO achegará á intervención un enfoque de comunicación para o desenvolvemento que entende o acceso á comunicación como un dereito humano básico e unha ferramenta para favorecer o empoderamento das comunidades.

NOME DO PROXECTO	Promover o acceso a un hábitat seguro e sostible, e mellorar os mecanismos locais de defensa e protección dos DDHH e das mulleres que mitiguen os impactos da Covid-19 nas comunidades de Cubana, La Balsa y Olivares, municipio Ramón Santana, provincia San Pedro de Macorís, República Dominicana
PAÍS	República Dominicana
IMPORTE EXECUTADO	251.132,64€ (Executado por Agareso 50.000€)
SOCIOS GALEGOS E LOCAIS	ACPP Galicia e IDAC
PERSOAS BENEFICIARIAS	

5.3.6 Cabo Verde: Unha investigación da migración como camiño de ida e volta

O proxecto **"Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e das remesas"** pretende levar a cabo unha investigación sobre as transferencias de coidados e tamén de remesas en familias caboverdianas, que sexa posteriormente aplicada á produción de materiais de sensibilización que visibilicen e poñan en valor o papel das mulleres migrantes na supervivencia e o benestar a ambos lados da corrente migratoria. Estes materiais audiovisuais centraranse en varios casos, representativos das catro xeracións de mulleres caboverdianas migrantes, tanto en Burela como na illa de orixe, Santiago.

A investigación, que sustentará a produción audiovisual, aborda o proceso migratorio e de instalación da comunidade caboverdiana en Galicia prestando unha especial atención a dous elementos: a) o establecemento de **cadeas globais de coidados**, que favorecen unha organización transnacional da atención tanto das persoas que permanecen en orixe (nenos/as, familiares, persoas en situación de dependencia) como das familias nos países de destino (as propias familias migrantes, pero tamén familias autóctonas que contratan man de obra migrante como empregadas de fogar); e, b) as **remesas**, tanto materiais (recursos económicos, bens…) como inmateriais (coidados, valores…), que circulan nese espazo transnacional creado polas persoas migrantes. Concretamente, analizarase o impacto que teñen estes dous elementos, organización transnacional dos coidados e remesas, no desenvolvemento.

A **aproximación** cara esta temática terá un **dobre carácter lonxitudinal**, favorecido pola longa traxectoria de instalación que ten o colectivo caboverdiano en Galicia. Por outra banda, o enfoque **combinará os niveis de análise micro e meso**, facendo especial fincapé nos comportamentos individuais e dos fogares e familias transnacionais a este respecto, así como no impacto que teñen os coidados e as remesas que circulan no espazo migratorio transnacional para o benestar destes individuos e familias.

A relación entre migracións e desenvolvemento constitúe un reto significativo na loita contra a pobreza e o marco internacional en materia de cooperación ao desenvolvemento así o contempla.

Así, a principal **pregunta de investigación** en torno á que se articula este proxecto consiste en inquirir ao respecto da achega ao desenvolvemento e benestar das comunidades que participan do fluxo transnacional da migración entre Cabo Verde e Galicia do accionar económico transnacional (en materia de coidados, pero tamén de remesas monetarias). Entendemos, neste senso, que a circulación transnacional de coidados e de remesas é un importante axente de desenvolvemento, sustentabilidade e benestar dos fogares transnacionais caboverdianos.

Con vistas á desenvolver esta investigación, agrupámonos un equipo de investigadoras especializadas nos estudos migratorios e o traballo de coidados, así como coñecedoras da comunidade caboverdiana, para propoñer a abordaxe dos procesos de transnacionalización dos coidados e das remesas da comunidade caboverdiana en Galicia a través dun enfoque multisituado.

NOME DO PROXECTO	"Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e das remesas"
PAÍS	Cabo Verde
IMPORTE EXECUTADO	30.000 (executado por Agareso 17.000)
SOCIOS GALEGOS E LOCAIS	Grupo de Investigación de Facultade de Socioloxía da UdC
PERSOAS BENEFICIARIAS	Mulleres caboverdianas residentes en Burela e as súas familias en Cabo Verde

5.4 Proxectos Audiovisuais

5.4.1 En Deuda con Todas.

En deuda con todas é un documental social cun obxectivo político: chamar a atención sobre a vulneración de dereitos que sofren as mulleres salvadoreñas e contribuír, así, á loita dos colectivos

feministas que -dentro do país centroamericano- esixen unha lexislación que non vulnere os Dereitos Humanos da metade da poboación e que se garanta o acceso a unha saúde sexual e reprodutiva libre de prexuízos ideolóxicos. Especialmente, para as nenas e as adolescentes máis vulnerables. O relato sostéñeno as súas propias protagonistas, desde ambos os dous lados dos muros do cárcere, lembrándolle ao mundo que despenalizar o aborto cando a saúde da nai corre perigo é tamén unha loita pola vida.

Trailer: https://youtu.be/E9hjU9wgUxc

En deuda con todas estreouse o 19 de novembro de 2019 en San Salvador e o 16 de decembro de 2019 en Santiago de Compostela. O seu obxectivo é contribuír á incidencia política e social dos colectivos que loitan polos dereitos das mulleres salvadoreñas, polo que xa está dispoñible íntegro para visualización nesta mesma páxina.

Desde 2019 ata 2021 foi parte da selección oficial en 42 festivais e mostras internacionais. Neste percorrido, durante o 2021 obtivo o Premio á Mellor Película na categoría *XX Element* no *Porto Femme International Film Festival* (Portugal), ao Mellor Documental no DEFF – *Down East Flick Fest* (Estados Unidos), o Premio do Público ao Mellor Traballo Audiovisual no *Humans of Film Festival* (Países Baixos) e a mención honorífica no Cinema Nubo (México).A través da plataforma Youtube o documental xa ten 3102 visualizacións en Agareso y 843 en ACPP.

No 2021 estivo presente nos seguintes festivais:

15 xaneiro. *SonderBlu Film Festival. Official Selection*

New York, EEUU

https://sonderblu.com/film-festival/

5-14 febreiro 2021 (online) 18 xuño-22 xullo-presencial

Pel Doc Film Festival. Kalamatta **Grecia**

www.peloponnisosdocfestival.com

Marzo 2021. Cinema Nubo - Muestra Internacional de Cine Latino Edición 2020

Mención Honorífica. Aguascalientes, Mexico

https://www.cinemanubo.com/

25 de abril 2021. Censurados *Film Festival*. Selección Oficial

Lima, **Perú**

https://www.censuradosfilmfestival.org/

20 de maio. Cine social y cultura libre 2021

Selección Oficial. **Donostia**

http://cineccdonostia.org/2021/04/programacion-2-2/

Xuño 2021. *International Women Film Festival*- Selección Oficial

Copenhague, **Dinamarca**

https://awff.eu/

https://filmfreeway.com/InternationalWomensFilmFestival-DK

Xuño 2021. *Nevada Women's Film* Festival

Selección Oficial. Nevada, **EEUU**

https://www.nwffest.com/

Xuño 2021. Valencia Indie Film Festival - VALEIFF

Valencia

https://www.madriff.org/valeiff/

Xullo 2021. *Festival di Cinema de Cefalu*

Cefalu, **Italia**

https://festivalcinemacefalu.it/

23 xullo 2021. *Colorado International Activism Film Festival*

Selección Oficial. Denver, Colorado **EEUU**

https://infiniteperimeter.com/2017-2019-awards-nominees-programs/

https://www.instagram.com/infinitepfilms/

30 de xullo. *International Documentary Film Awards*

Official Selection. Rožňava, **Slovakia**

https://docawards.com/winners

25 setembro 2021. Humans Of Film Festival

Official Selection. Audience Award. Amsterdam, ***The Netherlands***

https://humansoffilmfestival.com/

30 de setembro. *Porto Femme*

Official Selection. AWARD XX Competition. Porto. **Portugal**

https://portofemme.com/

22 outubro 2021. *Bronx Social Justice Matters Film Festival*

Selección oficial. *First Prize Award - Feature Length Documentary*

Bronx, Nueva York, **EEUU**

http://www.bcc.cuny.edu/bronx-social-justice-matters-film-festival/

Outubro/Novembro. *International Social Change Film Festival (Change Fest)*

Official Selection. Chicago, **EEUU**

https://socialchange.site/changefest/

30 outubro 2021. Essex DocFest

Official Selection. Colchester, **UK**

https://essexdocfest.wixsite.com/mysite

12-14 novembro 2021. *The Hague Global Cinema Festival*

Official Selectio –Finalist. Hague, ***Netherlands***

https://thehagueglobalcinema.nl/

22-27 novembro. *Liberty International Movie Festival*

Seoul, **Korea**

https://filmfreeway.com/LibertyInternationalFilmFestival

Decembro 2021. *Cinema Of Nations*

Official Selection. Postdam, ***Germany***

https://cinekina.wixsite.com/cinemaofnations202

https://filmfreeway.com/CINEMAOFNATIONS

4-12 Decembro. FICA - Festival Internacional de Cine Austral

Córdoba, **Arxentina**

https://www.facebook.com/festivaldecineaustral/

Máis información: Aquí

5.4.2 Garantía de Vida. La lucha por la despenalización del aborto en República Dominicana

Garantía de vida é un documental cun obxectivo social e político. En primeiro lugar, establece un contexto de República Dominicana en materia sexual e reprodutiva. En segundo, deixa claras as terribles consecuencias que sofren as mulleres dominicanas, especialmente as de menos recursos, por contar cunha lei que impide a interrupción do embarazo baixo todos os supostos. Isto, sumado a unha nula educación sexual e reprodutiva fan que o país viva unha situación dramática. As vítimas ou as súas familias contan, a través da súa experiencia, como é vivir este drama en primeira persoa. En terceiro lugar, o documental segue de cerca a revolución dominicana, onde cada vez máis persoas reclaman leis que protexan a dignidade e a saúde de todas as mulleres.

O documental estreouse en Vigo o **11 de novembro de 2021**, para logo ter un segundo pase en Santiago de Compostela, e seguidamente viaxou cara Dominicana para que o movemento feminista o empregara como considerara máis útil. Organizacións dominicanas como o Núcleo de Apoyo a la Mujer, el Centro de Investigación Para la Acción Femenina o Profamilia foron vitais para a realización do mesmo e a súa difusión posterior.

Garantía de Vida é un documental elaborado dentro dun proxecto de cooperación máis amplo que traballa os Dereitos Sexuais e Reprodutivos no país caribeño, da man de ACPP e do IDAC, financiado por Cooperación Galega na convocatoria aberta de proxecto de Cooperación Exterior.

Máis información: AQUÍ

6. Traballo en Rede

AGARESO é, desde o seu nacemento, unha organización con vocación de traballo en rede. Por iso é polo que nestes anos tecese numerosas alianzas coas máis variadas entidades na loita contra a exclusión e na defensa dos dereitos humanos.
A forma de traballo de AGARESO fundaméntase no emprego metodoloxías educomunicativas que non só incentivan a análise sobre os contidos mediáticos, senón que permiten pasar á acción construíndo un discurso propio. Cobra así o seu máximo sentido a perspectiva da comunicación para o desenvolvemento, que empodera ás poboacións cuxa voz adoita quedar solapada para lanzar as súas mensaxes apropiándose das novas tecnoloxías, á vez que visibiliza esas outras realidades.

Para AGARESO resulta fundamental o traballo en rede con outras ONGD e institucións, fomentando a coordinación entre os actores. Por iso está integrada nas seguintes redes, nas que participa de forma activa:

- Coordinadora Galega de ONGD. Cun cargo na Xunta Directiva e con representación na Comisión de Incidencia e na de Educación para o Desenvolvemento.
- Integra desde este 2021 a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN)

- Consello de Acción de Cooperación Municipal de Santiago de Compostela. Agareso forma parte dás entidades con representación dentro do Consello, creado grazas ao traballo de incidencia dá CGONGD.

AGARESO comezou no 2020 o seu terceiro proxecto aprobado pola obra Social da Caixa en consorcio con Igaxes, o que lle permitiu abrir unha liña de traballo estable con organizacións de intervención social, non exclusivamente de cooperación.
Á marxe do traballo en redes, e a novidade que supón o consorcio con entidades do Terceiro Sector de Galicia, AGARESO afianzou traballo conxunto coas organizacións que integran o Proxecto Ou Mundo que Queremos (Solidariedade Internacional de Galicia e ACPP) desde fai xa nove anos e seguiu colaborando de forma puntual con outras entidades como, Fundación Secretariado Xitano e Arquitectura sen Fronteiras.

O Seminario de Comunicación Social impulsado na USC tamén permite a ampliar o ámbito de sinerxías con outros profesionais, tanto do eido da comunicación como do social, e seguimos sumando colaboradores/as todos os anos.

O noso traballo coas Asociacións de Nais e Pais de Galicia tamén está dando os seus froitos e consolidamos a relación con a ANPA do CEIP López Ferreiro e incorporamos a outras coma as ANPA do CEIP A Rúa e o CEIP o Faro, coas que presentaremos proxectos conxunto para mellorar a igualdade nos centros por segundo ano consecutivo.

7. Voluntariado

Este ano retomamos os programas de **Fomento do voluntariado na comunicación para o cambio social** a través da convocatoria de axudas do 0,7 xestionadas pola Conselllería de Política Social. Este programa conseguiu acadar o seu obxectivo de fomentar e revalorizar o voluntariado dentro da organización e formar en comunicación social. Isto logrouse a través da execución de varias actividades: charlas de captación de voluntariado, formación en comunicación participativa, formación en ferramentas da comunicación, encontro de comunicación para o cambio social, pulo ao programa de *podcasting* social, pulo ao programa de prensa social e deseño de *merchandising*. Todas estas actividades foron levadas a cabo entre marzo e decembro de 2021.

Ese obxectivo xeral logrouse ao ir acadando os obxectivos específicos:

1. **Aumentar o voluntariado nun 10%**: conseguiuse adherir ao voluntariado da entidade a 10 persoas ao longo da execución do proxecto. Ademais, sacouse a diante o *merchandising* deseñado para promocionar a entidade e captar voluntarias.

2. **Mellorar as capacidades dos e das xornalistas de Galicia** en materia de comunicación para cambio social. De aquí sae a necesidade de formar ao noso propio voluntariado en novas metodoloxías. 16 persoas en total asistiron as formacións en comunicación participativa e ferramentas da comunicación.

3. **Creación de contidos mediáticos sobre cuestións sociais** que lle poidan ser útiles a outras entidades do Terceiro Sector e/ou aos colectivos en risco de exclusión. Isto realizouse a través do pulo ao programa de *pódcast* social e a creación de un espazo na propia web de Agareso para a publicación de reportaxes de índole social creadas polo voluntariado. Neste sentido durante o 2021 publicáronse 9 programas máis de Castañas no verán e conseguiuse, a través da promoción en redes e outras melloras, aumentar o número de oíntes e o número de seguidores nas diferentes contas de redes sociais. En canto ás reportaxes sociais publicáronse 9 reportaxes que fan da nosa web un lugar moito máis rico.

4. **Visibilización da comunicación social:** 19 persoas asistiron ao encontro de voluntariado presencial e 6 participaron vía conexión a través da internet. Con todo isto, pódese afirmar que o proxecto cumpriu os seus obxectivos e fixo de Agareso unha mellor entidade, con máis persoas apoiando a súa actividade, con profesionais máis formados e unidos e con proxectos exitosos en marcha. Isto, como Agareso pretende mellorar o mundo a través da comunicación social, é unha boa nova para toda a sociedade.

Encontro de voluntariado

Para reforzar grupos e fomentar o compañeirismo é fundamental o contacto físico entre as persoas. Nos últimos anos, por mor da pandemia, os voluntarios e voluntarias de Agareso, xunto co equipo técnico, non puideron apenas verse sen ser a través dunha pantalla. Por isto, neste 2021 no que a situación sanitaria mellorou un pouco, consideramos fundamental poder facer un encontro presencial.

Ademais, agregamos a idea de que estaría ben tamén compartir parte do tempo con membros de outras ONGDS das que sempre se poden aprender cousas novas. Por iso, o fin de semana do **11 e 12 de setembro**, o voluntariado de Agareso foi convocado a un encontro organizado en Baños de Molgas, Ourense.

A reposta foi moi positiva, con 15 voluntarios máis as 4 persoas que acudiron dende outras ONGDs de Galicia (Ana Lorenzo, Sonia Méndez, Gabriela Laura Frias Goytia e Janina Römer) , dúas persoas de Agareso que participaron vía *streaming* (Rocío Cadahía e Antonio Grunfeld) porque se atopaban en baixa de maternidade e tamén 4 persoas que participaron vía streaming internacional (Marleni Polo, de IDAC; Mariana Moisa, da Colectiva Feminista, Oscar Pérez, da Fundación Comunicándonos e Syra Taveras, do CIPAF). Esta última opción fíxose para conectar con membros de entidades sociais que se atopan en outro países do mundo. Neste caso, conectouse con República Dominicana e O Salvador, países onde Agareso traballa con moita frecuencia.

En total, 25 persoas participaron activamente neste encontro. membros de entidades sociais que se atopan en outro países do mundo. Neste caso, conectouse con República Dominicana e O Salvador, países onde Agareso traballa con moita frecuencia.

O encontro pretendía ter unha finalidade social, mais tamén formativa, por iso se organizou un *planning* para ter momentos para todo. Durante a mañá do sábado contamos coa experta en procesos participativos Ana Lorenzo, con ela o voluntariado e persoal técnico puido valorar o seu paso pola entidade, resaltando ademais momentos importantes a nivel vital e a nivel

organizativo. Foi unha sesión participativa na que os membros da entidade puidemos coñecernos mellor e saber que se espera da figura do voluntario.

A sesión continuou pola tarde, onde se tratou de concluír todo o falado e tamén se falou de expectativas propias de cada voluntario con respecto á organización. Ademais, Ana entregou días despois un *dossier* explicativo de todo o proceso de traballo para que se poida facer reflexión posterior de todo o falado.

Tamén na mañá do sábado, levouse a cabo unha formación impartida por Sos Racismo Galicia. A formación levaba por título *Análise antirracista dos contidos audiovisuais e do discurso* e foi impartida por Sonia Méndez e Gabriela Laura Frias Goytia, que acudiron acompañadas da voluntaria Janina Römer. Durante a clase, houbo momentos para o debate, as preguntas e a reflexión, polo que consideramos que foi moi interesante para toda a equipa.

Ademais, cabe destacar que démoslle continuidade a varios proxectos promovidos e sacados adiante por voluntariado. É o caso do *pódcast* de temática social *Castañas no verán*, que botou a andar da man de 8 voluntarias e un ano despois segue publicando mensualmente. E a creación do grupo de contidos para xerar produtos informativos de diverso formato sobre unha mesma temática sobre a que queiramos facer incidencia.

Reforzo da formación do voluntariado de xornalismo e comunicación audiovisual

O programa **Como contribuír a un mundo máis xusto dende a comunicación e o xornalismo** acadou o seu obxectivo principal: fomentar unha maior conciencia solidaria e de xustiza social entre a mocidade que está preto de encarar os retos que supón a vida adulta. Para traballar nese obxectivo, o proxecto puxo en marcha 5 actividades concretas: a xeración e dinamización dunha aula virtual e creación dun servizo *streaming* para a XI edición do Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional, a organización dun ciclo de cine social chamado Cinema Rabudo, I Mostra Galega de Audiovisual Inconformista e a difusión de todo o acadado coas actividades anteriores. Todas as accións foron realizadas nun período de tempo comprendido entre febreiro e decembro do 2021.

O proxecto logrou os 6 obxectivos específicos que propoñía: aumentar a conciencia crítica do alumnado, facilitar o acceso a formación á mocidade, aumentar alumnado do Seminario, crear sinerxías entre a mocidade comprometida, promover o activismo social e converter á mocidade en axente de cambio. Para acadalos, o programa dirixiu as 5 actividades mencionadas cara 3 colectivos específicos de atención: mozos/as universitarios e/ou profesionais con interese no eido da comunicación social e/ou cooperación internacional; mozos/as residentes en Santiago de Compostela estudantes de Universidade ou bacharelato con inquedanzas cara o audiovisual comprometido e, por último, o voluntario xuvenil da organización con vontade de continuar formándose.

Deste xeito, o proxecto cumpre cos resultados previstos:

Xérase unha aula virtual con contido constante e permanente que permite mellorar a formación no eido da comunicación social e cooperación internacional do alumnado universitario e dos/as profesionais interesados/as no Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional. Acceden a ela 41 persoas que rematan por formarse en enfoque social.

Aumenta a sensibilización cara o social. Por unha banda, da man das melloras obtidas coa implementación do servizo *streaming* e a plataforma virtual, á que se suman 21 persoas da base social da organización interesadas en ampliar a súa formación no eido. Durante o seminario, ademais, complétase a formación realizando produtos comunicativos colectivos, desta volta, elaboráronse 3. Por outra banda, grazas á posta en marcha do cinefórum social Cinema Rabudo, I Mostra Galega de Audiovisual Inconformista que organizan, acompañando ao persoal técnico da organización, 7 mozos/ as alumnas e ex alumnas do Seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional. Á mostra de cine asisten 94 persoas. O alcance desta sensibilización amósase co número de persoas asistentes ao Seminario que deciden facerse voluntarias da organización: 7.

Radio Ancares

Este proxecto tiña como obxectivo brindar ao voluntariado un proxecto comunicativo dende o inicio, cunha comunidade como a da montaña luguesa, golpeada polo despoboamento e sobre a que aínda non se actuara. Así, resultou dobremente enriquecedor. De novo, a radio comunitaria cumpriu coas expectativas previstas e serviu para fomentar reflexións entre a cidadanía residente, acostumada a ser protagonista de novas, relatorios e políticas difundidas lonxe dos Ancares.

Nesa mesma liña, ofreceu á veciñanza a posibilidade de tomar protagonismo no debate sobre as preocupacións comúns, darlles forma e construír de maneira conxunta propostas encamiñadas a deter dinámicas negativas relacionadas co baleirado de recursos e servizos e construír solucións que melloren a súa calidade de vida. Alén diso, a cidadanía tamén atopa na radio unha forma de recoñecerse entre iguais, de identificar aquilo que se comparte, que une e que non separa. Esa é a semente para tomar conciencia da comunidade e para identificar e apreciar as súas fortalezas. En resumo, a radio serve para combater as eivas, pero tamén para dar o seu valor aos aspectos máis positivos da vida nos Ancares e difundilos para que estes exerzan como contrapeso respecto do consabido despoboamento.

En canto á mocidade, este programa de dinamización permitiu achegar a estudantes de 11 a 15 anos un exemplo do labor voluntario e dos seus efectos positivos para a contorna. Nese senso, a radio comunitaria permite obter resultados inmediatos e así ocorreu nas formacións impartidas no IES Becerreá e no CEIP San Xoán. En ambos os dous centros educativos, o alumnado elaborou pezas que, despois dun proceso de edición, puideron ser difundidas tanto a través da plataforma en liña *Ivoox* como a través de Radio As Nogais, a emisora máis escoitada nos Ancares. A escoita do traballado na aula (a través dos seus teléfonos móbiles, grazas á plataforma *Ivoox*, e a través da radio convencional, grazas ao acordo con Radio As Nogais) é unha maneira de visibilizar nos seus fogares o traballado na aula e unha maneira de dar pé a reflexións necesarias dentro das casas e das familias dos Ancares.

Por último, cabe salientar o impacto do proxecto en toda a veciñanza. O programa de radio en directo realizado no salón de actos do IES Becerreá serviu para afianzar a capacidade transformadora da radio comunitaria a ollos do voluntariado e do alumnado participante nas formacións, pero tamén da cidadanía no seu conxunto. Dun xeito sinxelo, amósaselle á veciñanza que ten a capacidade de tomar o control do debate sobre as preocupacións da súa contorna e que a radio dentro da comunidade serve exactamente para iso.

En conclusión, o programa de dinamización do rural a través da radio comunitaria permitiu ao voluntariado somerxerse nunha realidade social cunha cidadanía acostumada a non participar no debate público sobre o que en Ancares acontece. Persoas residentes nalgún dos concellos da montaña luguesa aprenderon de primeira man a necesidade de artellar mecanismos de participación para redirixir o debate, de maneira que este xurda no rural e non lonxe del e de maneira que sexan as persoas que alí residen as que decidan "que" e "como" queren orientar a discusión pública sobre a súa forma de vida e sobre os desafíos que a ameazan.

8. Formación Interna.

Dentro do Plan Estratéxico de AGARESO 2019-2022 establécense unha serie de prioridades formativas, principalmente de contido e metodoloxías. Neste 2020 hai algunhas desas formacións que non se puideron levar a cabo como as de Interculturalidade ou Educación Social, que se trasladaron para o 2021 debido a situación de pandemia mundial. Aínda así as que puideron facerse online, fixéronse e aproveitamos a oportunidade tamén para aprender sobre metodoloxías vinculadas a educación a distancia.

Formación en traballo con mozos e mozas excluídos

Dentro do proxecto A Tribo programáronse dúas sesións durante dous días para que o equipo técnico da entidade e o seu voluntariado formáranse en Educación Social e traballo con mozas e mozas excluídos. Esta formación foi impartida polas especialistas da entidade socia Igaxes e participaron nela 10 persoas.

Formación en temática LGTBI+

Unha técnica da organización asistiu á formación "Diversidade afectivo sexual, realidade trans e dereitos LGTI+ no ordenamento xurídico español". Realizouse online e deu pé a solicitar novas formacións para o resto do equipo e voluntariado para 2022.

Formación en privilexios

No marco do proxecto O Mundo que Queremos impartiuse unha formación sobre Privilexio, realizada polo colectivo Suburbia, que tiña como obxectivo impulsar unha reflexión interna sobre a nosa posición e das diferentes cuestións que nos afectan en función das nosas características socioeconómicas, raciais, sexuais, funcionais... Asistiron as dúas técnicas de Agareso asignadas a este proxecto.

9. Planificación Estratéxica

O proceso de planificación estratéxica é vital para calquera organización que quere ser dona do seu futuro e eficaz e eficiente na súa toma de decisións.

No 2018 trazando as liñas mestras deste proceso nas reunións de Xunta Directiva e nas reunións de voluntariado, para logo levalas a un grupo de traballo con representación, tanto de equipo técnico, como de Xunta Directiva como de voluntariado para marcar obxectivos e indicadores da planificación.

Este proceso levouse acabo de forma intensiva durante unha fin de semana no que nos puxemos de acordo non só de cara onde si non de como chegar ata nos propuxemos nun período de catro anos.

O documento foi despois traballado de forma máis técnica pola Coordinadora de Agareso e presentado en Asemblea para a súa validación.

No 2020 fixemos unha avaliación de seguimento dos obxectivos da estratexia, modificáronse algúns parámetros e adaptáronse ao cronograma de actuacións previstas.

O resultado tédelo aquí: Plan Estratéxico 2018-2022

11. MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

EpDLab 20-21

O EpDLab 20-21 tivo 15 impactos en medios de comunicación que lle permitiron chegar a unha audiencia de máis de 450.000 persoas, segundo indican as cifras ofrecidas por un servizo de *clipping* independente. A maior parte destes impactos, tal e como estaba previsto no Plan de Comunicación do proxecto, producíronse arredor do encontro intercentros, traballando tanto a nivel autonómico como local, o que nos permitiu outorgarlle a cada centro o protagonismo do proxecto na súa contorna máis inmediata.

Acadouse un impacto notable en medios de referencia como Faro de Vigo, La Voz de Galicia ou *El Correo Gallego*.

A difusión completouse con presentacións en xornadas profesionais de Educación e de Comunicación para o Cambio Social, cun curso para docentes ao que asistiron 32 persoas (28 delas, docentes en activo) que aseguraron na enquisa final ter adquirido as ferramentas precisas e ter intención de empregalo nos seus centros de ensino e mais coa elaboración de dous artigos académicos sobre o impacto da implantación das ferramentas de educación virtual no alumnado con dificultades sociais ou económicas que se presentarán no curso 21-22 no VI Congreso Internacional sobre Aprendizaje, Innovación y Cooperación (CINAIC) e en V Congreso de Educación para a Transformación.

Praza	Web Praza Memes, gifs e vídeos: a rapazada combate os discursos de odio na rede coa súa linguaxe do día a día	https://praza.gal/movementos-sociais/memes-gifs-e-videos-a-rapazada-combate-osdiscursos-de-odio-na-rede-coa-sua-linguaxe-do-dia-a-dia
O Sil	Mozos de Viana participarán nun hackaton en liña para combater o discurso de odio en medios e redes sociais	https://www.osil.info/mozos-de-viana-participaran-nun-hackaton-en-lina-paracombater-o-discurso-de-odio-en-medios-e-redes-sociais/
Galicia confidencial	Alumnado galego participará nun hackathon en liña para combater o discurso de odio	http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/157626-alumnado-galego-participara-nunhackathon-lina-combater-discurso-odio

Diario de Pontevedra.	O Illa de Ons participa nun 'hackaton' para combater o discurso de odio en Internet.	https://www.diariodepontevedra.es/articulo/o-morrazo/illa-ons-participa-nun-hackatoncombater-discurso-odio-internet/20210325134542113336 4.html
Faro de Vigo (Deza).	El "hackaton" de los afectos.	https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/ 2021/03/26/hackaton-afectos-45898665.html
El Correo Gallego (Deza).	Educar e combatir en liña o discurso do odio na rede social.	https://www.elcorreogallego.es/ocorreodedeza/educar-e-combatir-en-lina-o-discurso-do-odio-na-rede-socialYH6988414
Faro de Vigo (Deza).	El "hackaton" de los afectos.	https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/2021/03/26/hackaton-afectos-45898665.html
Faro de Vigo (Morrazo).	Memes contra el odio en las redes	https://www.farodevigo.es/o-morrazo/ 2021/03/26/memes-odio-redes-45897339.html
Diario de Pontevedra	O Illa de Ons participa nun 'hackaton' para combater o discurso de odio en Internet	Arquivo
El Correo Gallego (Deza)	Educar e combatir en liña o discurso do odio na rede social	Arquivo
Faro de Vigo (Deza)	El "hackaton" de los afectos Faro de Vigo (Morrazo)	Arquivo
La Voz de Galicia (Lalín)	Memes contra el odio en las redes	Arquivo
Faro de Vigo (Morrazo)	Estudiantes de Silleda participan en un coloquio en línea contra el odio en las rede.	Arquivo
Faro de Vigo (Morrazo)	Que hacer en O morrazo	Arquivo

A tribo 20-21

Impactos en prensa

Código Cero*: O proxecto A Tribo enche as redes de "real news" sobre a adolescencia en risco de exclusión*

https://codigocero.com/O-proxecto-A-Tribo-enche-as-redes-de-real-news-sobre-a-adolescencia-en-risco-de

Europa Press: *Unha vintena de mozas crean e protagonizan unha campaña contra os bulos sobre menores en risco de exclusión social*

https://www.europapress.es/galego/noticia-unha-vintena-mozas-crean-protagonizan-unha-campana-contra-os-bulos-menores-risco-exclusion-social-20210928181440.html

Europa Press: *Una veintena de jóvenes crean y protagonizan una campaña contra los bulos sobre menores en riesgo de exclusión social*

https://www.europapress.es/galicia/noticia-veintena-jovenes-crean-protagonizan-campana-contra-bulos-menores-riesgo-exclusion-social-20210928181305.html

20 minutos: *Una veintena de jóvenes crean y protagonizan una campaña contra los bulos sobremenores en riesgo de exclusión social*

https://www.20minutos.es/noticia/4837161/0/una-veintena-de-jovenes-crean-y-protagonizan-una-campana-contra-los-bulos-sobre-menores-en-riesgo-de-exclusion-social/

Galiciapress: *Una veintena de jóvenes crean y protagonizan una campaña contra los bulossobre menores en riesgo de exclusión social*

https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3213356/veintena-jovenes-crean-protagonizan-campana-contra-bulos-sobre-menores-riesgo-exclusion-social

Faro de Vigo: *Adolescentes gallegos crean una campaña contra los bulos sobre menores enriesgo de exclusión social*

https://www.farodevigo.es/sociedad/2021/09/28/adolescentes-gallegos-crean-campana-bulos-57792564.html

Galicia Confidencial: *Máis de vinte rapazas crean unha campaña para loitar contra os estereotipos sobre menores en risco de exclusión social*

http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/175933-vinte-rapazas-crean-campana-loitar-estereotipos-menores-risco-exclusion-social

La Vanguardia: *Una veintena de jóvenes crean y protagonizan una campaña contra los bulos sobre menores en riesgo de exclusión social*

Gente: *Una veintena de jóvenes crean y protagonizan una campaña contra los bulos sobre menores en riesgo de exclusión social*

RNE: *Entrevista a Lorena Seijo, coordinadora de Agareso, e a Natxo, alumno do proxecto*

Cadena SER: *Entrevista a Lorena, Chari e Valentina.Radio*

Voz STG: *Entrevista a Sonia Díaz, coordinadora do proxecto*

Radio Voz GZ: Entrevista *a Lorena Seijo, coordinadora de Agareso*

Radio Galega: *Entrevista a Sonia Díaz, coordinadora do proxecto*

Diario de Bergantiños: *Jóvenes crean una campaña contra bulos sobre menores en riesgo de exclusión social*

Diario de Ferrol: *Jóvenes crean una campaña contra bulos sobre menores en riesgo de exclusión social*

El Ideal Gallego: *Jóvenes creanuna campaña contra bulos sobre menores en riesgo deexclusión social*

Diario de Arousa: *Jóvenes crean una campaña contra bulos sobre menores en riesgo deexclusión social*

La Voz de Galicia: *A tribo que reivindica a inclusión chega aos institutos galegos*

https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2021/09/29/tribu-reivindica-inclusion-llega-institutos-gallegos/00031632922882854631344.htm

La Voz de Galicia*: La tribu que reivindica la inclusión llega a los institutos gallegos*

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2021/09/29/tribu-reivindica-inclusion-llega-institutos-gallegos/00031632922882854631344.htm

La Voz de Galicia: *La tribu que reivindica la inclusión llega a los institutos gallegos*

Uvigo: *A experiencia de 'A Tribo' achega o alumnado de CCSS e da Comunicación ás clavesda comunicación solidaria*

https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/experiencia-tribo-achega-alumnado-ccss-comunicacion-claves-comunicacion-solidaria

La Región: *El campus alienta la lucha juvenil contra los prejuicios*

La Región: *El campus alienta la lucha juvenil contra los prejuicios*

https://www.laregion.es/articulo/universidad/campus-alienta-lucha-juvenil-prejuicios/20211021230020107437 7.html

Diario de Pontevedra: *Jorge Fernandes, tras una infancia bajo tutela: "Lo peor han sido los prejuicios"*

Diario de Pontevedra: *Jorge Fernandes, tras unha infancia baixo tutela: "O peor foron os prexuízos"*

Diario de Pontevedra: *Jorge Fernandes, tras una infancia bajo tutela: "Lo peor han sido los prejuicios"*

https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/peor-han-sido-prejuicios/20211025140953116824 2.html

OMQQ 20-21

AGARESO foi un ano máis a organización encargada de elaborar e poñer en marcha unha estratexia de comunicación para o proxecto *Cooperación Galega: O mundo que queremos.*

Dende o primeiro momento o equipo de OMQQ viu pertinente impulsar paralelamente ao desenvolvemento das actividades, unha estratexia de comunicación para dar a coñecer na sociedade non só os resultados dos obradoiros, senón tamén a súa filosofía e forma de traballo.

O obxectivo era levar a cabo accións de comunicación externa de xeito ordenado e estandarizado, para obter unha maior eficacia a hora de difundir o valor da comunicación para o cambio social, da educación para a cidadanía global e da cooperación internacional para o desenvolvemento, na configuración dunha sociedade máis xusta, equitativa e democrática.

Captura de pantalla do vídeo presentación da iniciativa 'O mundo que queremos' | Fonte: Youtube-AGARESO

O obxectivo do plan é **"apoiar ao alumnado galego para que coñeza e se integre"** no que os organizadores definen como un "movemento global de xuventude inspiradora", entre o que contan a activistas xuvenís como **Gretta Thumberg, Malala, e Emma González**. Baixo esta premisa, traballarán con máis de 500 alumnos para esperter neles o interese en "cambiar o mundo" para "mudar as cousas que non lles gustan"

"Con demasiada frecuencia **os e as adolescentes son vistos como apáticos e egocéntricos**", subliñan dende a organización a respecto dunha perspectiva que preteden desbotar. Destacan, neste aspecto, a presenza dunha "nova xeración de mocidade" que "está demostrando que moitos mozos e mozas están, de feito, **moi preocupados polos problemas sociais, políticos e ambientais**, e están completamente preparados para facer algo ao respecto".

Con esta premisa en mente, **o proxecto arrinca este luns 11** no CPI As Mirandas en Ares (A Coruña), o CPI Plurilingüe de Castroverde (Lugo) e na provincia de Pontevedra, o IES Primeiro de Marzo de Baiona, IES Miguel Ángel González Estévez de O Carril en Vilagarcía de Arousa, o CPI do Toural de Vilaboa, e CPR Rosalía de Castro en Vigo. Será a oitava edición dun proxecto que xa achegou estas cuestións a "máis de 3.000 alumnos e alumnas dende o 2013", explican. Por mor da pandemia, **a iniciativa incluirá este ano unha forte aposta pola educación virtual.**

O proxecto **Activistas polo mundo que queremos** emprega a radio para difundir as súas mensaxes contra o machismo ou o racismo. Tamén para dar a coñecer outras iniciativas comprometidas.

Neste ano atípico desenvólvese a **oitava edición**. Participan seis centros escolares galegos. Un programa organizado pola **Solidariedade Internacional de Galicia**, **AGARESO** e a **Asemblea de Cooperación pola Paz**.

Conversamos con **María Caride**, coordinadora do proxecto. E tamén falamos co alumno **Aarón Muñiz** e coa alumansa **Carmen Vila**. Son estudantes de 3º ESO do IES Miguel Anxo Estévez, no Carril (Vilagarcía).

A Tarde

Revista de información e entretemento

Tal e como estaba previsto no plan de comunicación, púxose especial énfase no inicio do proxecto nas aulas no mes de xaneiro. Así, a coordinadora de OMQQ concedeu entrevistas na **RADIO GALEGA** no programa *A Tarde*, e en **RADIO VOZ** no *programa Voces de Galicia*. Tamén recolleron o inicio dos obradoiros cabeceiras como o **Galicia confidencial** ou o **Galicia press.**

Entre febreiro e maio realizáronse os obradoiros de radio presenciais do proxecto e aproveitouse a ocasión para facer un novo envío de notas de prensa tanto a nivel autonómico como a nivel máis local. Froito destes envíos recolleron a nova os diarios locais **Pontevedra Viva**, **O xornal de Vigo** e **Diario de Ferrol.** Tamén medios autonómicos como o programa A Tarde da **Radio Galega** e o **Galicia Confidencial.**

Este último momento de forte presencia en medios tradicionais dependía de que a situación epidemiolóxica permitise a celebración dos actos finais. Finalmente como xa comentamos anteriormente decidiuse non realizar estes encontros de xeito presencial, polo que o envío de notas de prensa viuse substituído por unha forte campaña de comunicación online a través das redes sociais para promocionar os deseños contrapublicitarios feitos pola rapazada, que coincidiu co peche das actividades realizadas este ano.

Finalmente **recolléronse 11 aparicións** en prensa escrita tanto local como autonómica e en canles de radio autonómicas.

Agareso foi a organización encargada de comunicarse directamente cos medios de comunicación e xestionar as publicacións.

Ademais da Campaña de difusión en medios de comunicación tradicional, para responder ao Plan de comunicación trazado era necesario facer un importante esforzo de actualización e mantemento tanto da web como das redes sociais do proxecto, que estiveron nutridas tanto de contidos propios, coma de aqueles alleos, pero relacionados con cuestións como a Educación para o Desenvolvemento, os distintos ODS, os medios de comunicación comunitarios...etc.

FACEBOOK

Durante os meses onde o proxecto estivo activo nas aulas (de xaneiro a xuño) a actualización de contidos no Facebook do proxecto foi intensa. **Realizáronse 59 *publicacións* e o número de seguidores e seguidoras aumentou un 6.3% (57 persoas).**

INSTAGRAM

Tamén se impulsou o Instagram do proxecto con máis de 30 *publicacións* elaborados sobre os contidos do mesmo. **Con esta nova rede social activa conseguimos aumentar en máis dun 100% os seguidores pasando dos 112 que o proxecto tiña nestas datas o ano anterior aos 227 seguidores e seguidoras cos que contamos agora.**

IVOOX

A canle de Ivoox de OMQQ seguiu actualizándose cos 24 *pódcast* realizados polo alumnado.

WEB DE OMQQ

Tal e como estaba previsto no proxecto **foron realizados 10 artigos** para subir periodicamente a páxina co fin de mantela correctamente actualizada coas actividades que se ían desenvolvendo durante o proxecto.

Cinema Rabudo

Xornal 21	Nace Cinema Rabudo, a primeira mostra galega de audiovisual inconformista	https://xornal21.com/art/43548/nace-cinema-rabudo-a-primeira-mostra-galega-de-audiovisual-inconformista
Mundoplus	Nace Cinema Rabudo, a primeira mostra galega de audiovisual inconformista	https://www.mundoplus.tv/tv-digital/nace-cinema-rabudo-a-primera-muestra-gallega-de-audiovisual-inconformista/
Nós Diario	Cinema Rabudo dará voz ao inconformismo	https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/cinema-rabudo-dara-voz-ao-inconformismo/20211116185913132511.html
La voz de Galicia	Cinema Rabudo, un ciclo para incitar al debate en Santiago	Cinema Rabudo, un ciclo para incitar al debate en Santiago (lavozdegalicia.es)
Galicia Confidencial	Nace en Compostela unha mostra de cinema "rabuda" para combater problemáticas sociais	Nace en Compostela unha mostra de cinema "rabuda" para combater problemáticas sociais (galiciaconfidencial.com)
Galicia digital	Nace Cinema Rabudo, a primeira mostra galega de audiovisual inconformista | Galicia Digital	Nace Cinema Rabudo, a primeira mostra galega de audiovisual inconformista | Galicia Digital
TVG zigzag	Entrevista a Antonio Grunfeld (coordinador do cinema Rabudo)	Arquivo
Radio voz Santiagio	Entrevista a Antonio Grunfeld (coordinador do cinema Rabudo)	Arquivo